

CONVOCATORIA DAS ELECCIÓNS AO DECANATO DA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA

Ao abeiro do que establecen os Estatutos da Universidade da Coruña e o Regulamento electoral aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do día 28 de setembro de 2016, como decano da Facultade de Socioloxía, resolvo convocar as eleccións ao Decanato desta Facultade segundo as bases que se achegan con este escrito.

A Coruña, 20 de outubro de 2017
O decanato

Antonio Álvarez Sousa

Código Seguro De Verificación	kFzA+Geu0VZycT+1JtJ02w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Socioloxía Antonio Álvarez Sousa	Asinado	20/10/2017 10:56:19
Observacións		Páxina	1/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kFzA+Geu0VZycT+1JtJ02w==		



BASES DA ELECCIÓN DE DECANO/A DA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA

A) PROCEDEMENTO

I) COLEXIO ELECTORAL

A Xunta de Centro constituirá o colexio electoral para as eleccións a Decano/a da Facultade.

II) ELIXIBLES

Son elixibles no colexio electoral os electores respectivos que reúnan os seguintes requisitos:

Nas eleccións a decano/a de centro son elixibles os membros da xunta profesores/as con vinculación permanente á Universidade adscritos ao respectivo centro que foren proclamados candidatos de forma definitiva.

III) ELECTORES

Nas eleccións a decano/a de centro son persoas electoras todos os membros da xunta de centro correspondente.

IV) PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

As candidaturas, dirixidas ao presidente da Comisión Electoral Central, presentaranse no Rexistro do centro correspondente, no Rexistro Xeral da UDC ou nos rexistros auxiliares (Casa do Lagar, campus de Elviña e campus de Esteiro) do día **do 3 (venres) ao 7 (martes) de novembro de 201** até as 14:00 h. de acordo co que dispón esta resolución e o Regulamento electoral xeral.

Código Seguro De Verificación	kFzA+Geu0VZycT+1JtJ02w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Socioloxía Antonio Álvarez Sousa	Asinado	20/10/2017 10:56:19
Observacións		Páxina	2/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kFzA+Geu0VZycT+1JtJ02w==		



O escrito, asinado polo candidato, conterá os seguintes extremos:

- a) Nome e apelidos
- b) Número do documento oficial de identificación
- c) Centro e departamento a que está adscrito
- d) Sinatura

A proclamación provisional de candidatos será feita polo Centro. As reclamacións e recursos contra esta proclamación provisional, dirixidos ao presidente da Comisión Electoral Central, presentaranse nos rexistros citados do día **9 de novembro (xoves) ao 10 de novembro (venres) de 2017**, até as 14 horas, e serán resoltos pola Comisión Electoral Central. A proclamación definitiva de candidatos, de non existir reclamacións ou recursos ou unha vez resoltos, será feita polo Centro tras recibir a comunicación da resolución pola Comisión Electoral Central.

V) MODO DE TER LUGAR A XUNTA PARA A ELECCIÓN DE DECANO/A OU DIRECTOR/A

- a) A Xunta de Centro reunirse en sesión extraordinaria na data sinalada na convocatoria. Será presidida polo Decano/a ou Director/a en funcións, salvo que se presentar como candidato/a, en cuxo caso será substituído/a polo membro de máis idade presente na Xunta. O/a presidente/a concederá un espazo de 15 minutos a cada candidato/a para estes exporen perante a Xunta o seu programa, e a continuación outros 15 minutos para responderen ás preguntas que lles formularen os membros da Xunta. Finalizadas as intervencións, procederase á votación, que será nominal e secreta.
- b) Nesta sesión actuará como secretario/a a persoa que o for do Centro, salvo que se presentar como candidata, en cuxo caso será substituída polo membro presente que designar o/a presidente/a.
- c) As papeletas, que serán elaboradas polo Centro, conterán a relación de candidatos proclamados definitivamente, colocados por orde

Código Seguro De Verificación	kFzA+Geu0VZycT+1JtJ02w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Socioloxía Antonio Álvarez Sousa	Asinado	20/10/2017 10:56:19
Observacións		Páxina	3/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kFzA+Geu0VZycT+1JtJ02w==		



alfabética, e unha casilla ao lado para marcar o voto a favor do candidato e respectando o establecido no artigo 20 (modo de exercicio do dereito ao voto) do Regulamento electoral xeral.

VI) PROCLAMACIÓN DE ELECTO

- a) Será proclamada decano/a aquela persoa candidata que en primeira volta obtiver o voto da maioría absoluta dos membros da Xunta.
- b) No caso de non haber ningún/ha candidato/a que obtiver a maioría absoluta, procederase a unha segunda votación na mesma sesión da Xunta, en que resultará elixido/a o/a candidato/a que obtiver un maior número de votos.

Código Seguro De Verificación	kFzA+Geu0VZycT+1JtJ02w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Socioloxía Antonio Álvarez Sousa	Asinado	20/10/2017 10:56:19
Observacións		Páxina	4/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kFzA+Geu0VZycT+1JtJ02w==		



B) CALENDARIO ELECTORAL PARA AS ELECCIÓNS DE DECANO/O DA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA

- 1.- Convocatoria de eleccións: 20 de outubro de 2017 (venres).
- 2.- Publicación censo provisional: 23 de outubro de 2017 (luns).
- 3.- Prazos de presentación e de resolución de recursos e solicitudes de rectificación do censo provisional:
 - Prazos de presentación: do 24 de outubro (martes) ao 26 de outubro (xoves) de marzo, até as 14:00 h.
 - Prazos de resolución: do 27 de outubro (venres) ao 31 de outubro (martes) de 2017.
- 4.- Publicación do censo definitivo: 2 (xoves) de novembro de 2017.
- 5.- Presentación de candidaturas: do 3 (venres) ao 7 (martes) de novembro de 2017, até as 14:00 h.
- 6.- Proclamación provisoria de candidaturas: 8 de novembro (mércores) de 2017.
- 7.- Prazos de presentación e de resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisional de candidaturas:
 - Prazos de presentación: do 9 de novembro (xoves) ao 10 de novembro (venres) de 2017, até as 14:00 h.
 - Prazos de resolución: do 13 de novembro (luns) ao 15 de novembro (mércores) de 2017.
- 8.- Proclamación definitiva de candidaturas: 16 de novembro (xoves) de 2017.
- 9.- Campaña electoral: do 17 (venres) de novembro ao 20 de novembro (luns) de 2017.
- 10.- Data das eleccións en xunta extraordinaria de facultade: 22 de novembro (mércores) de 2017.
- 11.- Proclamación provisional de candidatura electa: 23 de novembro (xoves) de 2017.
- 12.- Prazo de presentación, de resolución de recursos e solicitudes de rectificación á proclamación provisional do candidatura electa:
 - Prazos de presentación: do 24 de novembro (venres) ao 27 de novembro (luns) de 2017, até as 14:00 h.
 - Prazos de resolución: do 28 de novembro (martes) ao 30 de novembro (xoves) de 2017.
- 13.-Data de proclamación definitiva da candidatura electa: 1 de decembro (venres) de 2017.

Código Seguro De Verificación	kFzA+Geu0VZycT+1JtJ02w==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Socioloxía Antonio Álvarez Sousa		Asinado	20/10/2017 10:56:19
Observacións			Páxina	5/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kFzA+Geu0VZycT+1JtJ02w==			

